

BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE NAVES/PARCELAS PROPIEDAD DA COMUNIDADE DE MONTES DE VINCIOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE

CONDICIÓN XERAIS

Neste documento establécense as condicións xerais para acceder á CESIÓN DE DEREITO DE SUPERFICIE parcelas/naves do Polígono Industrial de A Pasaxe propiedade da Comunidade de Montes de Vincios.

As características das parcelas/naves pódense consultar nas bases específicas correspondentes

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Formulario de solicitude (ANEXO I)

Memoria explicativa, que incluíra unha descrición detallada da actividade a desenvolver na parcela/nave, obras que se prevén para acondicionar o espazo e calquera outra información que se considere importante para xustificar o interese do proxecto.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN:

A presentación da solicitude, xunto coa documentación requirida, implicará a aceptación das condicións xerais e das estipulacións contidas no contrato que se formalizará.

ASIGNACIÓN DE ESPAZOS E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

As solicitudes presentadas serán sometidas á aprobación da Asemblea Xeral de Comuneiros/as, que se celebrará nas datas máis próximas posibles á publicación da dispoñibilidade das parcelas/naves. A Asemblea terá en conta a proxección da empresa, a capacidade para xerar emprego, compromiso medioambiental e calquera outra información contida na memoria, reservándose o dereito a rexeitar aquelas solicitudes que, polas actividades que se pretendan levar a cabo, puideran causar potencialmente un prexuízo tanto a parcela/nave como ao resto das cesións establecidas na zona.

Unha vez aprobada a cesión da parcela/nave en asemblea, nun prazo máximo de 6 meses, formalizarase o contrato en escritura pública, para o que se deberá aportar a documentación incluída no ANEXO II

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS. DATOS DA PARCELA (2023/1):

Situación: Polígono Industrial da Pasaxe-Vincios (Gondomar)

Referencia catastral 2877709NG2627N0001UB que se corresponde coas parcelas 3, 4, 5 e 6 do parcelario do Proxecto Sectorial de A Pasaxe.

Superficie: 4.532 m²


Contrato: cesión de dereito de superficie

Condições da cesión:

Canon anual 2,12 €/ m² (actualizárase anualmente co IPC mais coeficientes correctores en función do prazo da cesión)

Duración do contrato: entre 20 e 30 anos.

Tipo de actividade: tendo en conta que a parcela lindeira alberga unha empresa do sector da alimentación, a actividade a desenvolver do/a solicitante non debe supoñer prexuízo para a mesma.





SOLICITUDE DE CESIÓN DEREITO DE SUPERFICIE DE TERREO/ NAVES INDUSTRIAIS

(*nome da entidade/ sociedade/ persoa xurídica*), entidade de nacionalidade (*española*) con domicilio social en (*cidade*), (*rúa/ avenida/ praza*), número (*número*) e provista de Código de Identificación Fiscal (*CIF*). Constituída mediante escritura pública autorizada polo Notario de (*cidade*) Don/Dna (*nome do Notario*) o (*día*) de (*mes*) de (*ano*), baixo o número (*número*) do seu protocolo, e inscrita o (*día*) de (*mes*) de (*ano*) no Rexistro mercantil de (*cidade*), no tomo (*número*), folio (*número*), folla (*número*), inscrición (*número*)

Áchase representada por D./Dna. (*nome do representante*), quen actúa na súa condición de (*cargo*) en virtude da escritura de apoderamento outorgada o (*día*) de (*mes*) de (*ano*) ante o Notario de (*cidade*) Don. (*nome*), baixo o número (*número*) do seu protocolo, con teléfono (*número*) e correo electrónico (*nome*).

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da oferta de dispoñibilidade dunha parcela/nave (*identificación: nº parcelario da Pasaxe/ referencia catastral*) da que é propietaria Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Vincios na Pasaxe-Vincios, está interesado en formalizar un contrato de cesión de dereito de superficie.

Por iso, **SOLICITA**

Á Asemblea Xeral de Comuneiros de Vincios, a cesión de dereito de superficie da mesma, para a actividade económica (*nome*).

En ..., a ... de ... de
Asinado.....

(1) PROTECCIÓN DE DATOS: s/ Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018. A C.M.V.M.C. DE VINCIOS como responsable do tratamento, tratará os seus datos para xestionar adecuadamente a relación como cesionario/futuro cesionario. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e supresión dos datos, entre outros, tal e como se explica na información adicional que está a súa disposición nas nosas instalacións ou a través de info@vincios.org

(2) A autorización concedida pola Asemblea Xeral, terá unha validez de 6 meses, transcorrido este prazo caducará, e será necesaria unha nova solicitude.

COMUNIDADE DE MONTES V.M.C. DE VINCIOS
Piñeiro 22, Vincios
36316 Gondomar

Teléfono: 986 46 96 92
e-mail: c.montes@vincios.org

C.I.F.: V -36.686.186

Documentación que teñen que presentar os futuros cesionarios antes da sinatura do contrato:

No caso de que se trate de persoas xurídicas:

- Copia Escritura de constitución da sociedade debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Copia da Escritura de poder do asinante (salvo que os poderes figuren nas anteriores escrituras), sinalándose quen será quen asine o contrato.
- Copia do seu D.N.I.

No caso de que se trate de persoas físicas:

- Copia do seu D.N.I.

En ambos os casos:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria.
- Póliza de seguro e recibo de pago.
- Xustificante de ingreso de Garantía ou no seu caso aval bancario, que acredite a súa constitución.
- Copia do modelo 036 do IAE ou certificado expedido pola Axencia Tributaria.

(1) PROTECCIÓN DE DATOS: s/ Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018. A C.M.V.M.C. DE VINCIOS como responsable do tratamento, tratará os seus datos para xestionar adecuadamente a relación como cesionario/futuro cesionario. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e supresión dos datos, entre outros, tal e como se explica na información adicional que está a súa disposición nas nosas instalacións ou a través de info@vincios.org